



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE AGOSTO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Lucía Blanco García.

D. Luis Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías.

Dna. Cristina Cadena Freire

ASISTENCIA TELEMÁTICA

Dna. Noelia Montero Candal

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

Sr. Secretario-Acctal

D. José A. Carballo Feijoo

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día trinta e un de agosto do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal D. José A. Carballo Feijoo.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Ratificación se procede do cambio de hora da Sesión ordinaria celebrar no día de hoxe.

Sometida a votación a ratificación do cambio de hora da sesión ordinaria a celebrar no día de hoxe, o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto num. 2.- Aprobación se procede das actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 8 de xuño de 2020, e 29 de xuño de 2020.

Sometida a votación a aprobación das actas das sesións celebradas polo concello pleno os días 8 de xuño de 2020 e 29 xuño de 2020 o concello pleno por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 3.- Dar conta da morosidade 2º Trimestre de 2020.



Cod. Validación: NZ3HAGRJAXRS77X-DMK4MDCW | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 40



Dáse conta da morosidade 2º trimestre do seguinte teor literal;

DETALLE DEL INFORME PMP

[1]. Ares

Ratio operaciones pagadas: 86,57

Importe pagos realizados: 614.679,53 €

Ratio operaciones pendientes: 38,34

Importe pagos pendientes: 646.751,17 €

PMP: 61,84

PMP Global:

Importe pagos realizados: 614.679,53 €

Importe pagos pendientes: 646.751,17 €

PMP: 61,84

O concello pleno dáse por enterado

Punto núm.4. Dar conta do periodo medio de pago a provedores 2º trimestre 2020.

Dáse conta do PMP do 2º trimestre de 2020, que a continuación se detalla;

Pagos realizados durante o primeiro trimestre trimestre:

Dentro do período legal de pago: 132.744,87€

Fóra do período legal de pago: 481.934,66€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

Dentro do período legal de pago: 421.262,35€

Fora do período legal de pago: 301.239,51€

O concello pleno dáse por enterado

Punto núm.5. Escrito do Concello de Fene, sobre erro material na transcripción acordo sobre o convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo.





Dáse conta do escrito do Concello de Fene sobre erro material na transcripción do acordo sobre o convenio de colaboración para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo que a continuación se transcribe;

Onde di:

“Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo economico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de 95.512,96€ + 9.651,30€ do IVE (custe total= 106.164,26€)

Debe dicir:

“Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo economico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de 96.512,96€ + 9.651,30€ do IVE (custe total= 106.164,26€)

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que si o concello de Mugaros non fai a tramitación que lle corresponde en 15 días para seguir neste proceso, ten que volver a vir a pleno pero sen o Concello de Mugaros, de momento ímolo a aprobar tendo en conta ao concello de Mugaros doucelle un prazo de 15 días para que tramite o que lle corresponde e senón acordamos seguir co punto limpo só os Concellos de Ares, Fene e Cabanas entón ben ímolo a aprobar así, pero si o Concello de Mugaros sae, ten que volver outra vez ao pleno sen o Concello de Mugaros.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntado polo tema do Concello de Neda, como é que non se adhire.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que quedou fora porque lle sae máis barato con Rilo. O punto limpo ten gastos de xestión terase que adxudicar a unha empresa que loxicamente terá que facer un balance fiscal cada ano e o que non lle cubra os veciños levando material para reciclar pois temos que cubri-lo os concellos que somos os titulares, loxicamente hai uns gastos fixos de xestión, si a xente leva moito material pois eses gastos vanse reducir e si efectivamente o punto limpo non ten unha boa xestión pois é como a piscina, se ten moitos socios a aportación de Ares e de Mugaros é menor, pois no punto limpo a aportación básica para a posta en funcionamento é superior ao que lle costa agora mesmo con Rilo, que diferenza hai, que lles costa moita a xestión con Rilo porque non vai ningún veciño porque Rilo queda en Catabois e non van entón, como van poucos veciños de Neda con 6000€/ano xa cubre o servizo e claro, a cota que lles gustaría o punto limpo é superior a 6000€ e como lle sae máis barato con Rilo en Catabois porque os veciños non o usan.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non é futuro.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que efectivamente non o é, pero eles non queren e que lle vou a facer.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non é futuro e non se lle pode facer nada, igual que no tema do cobro da Deputación aparte de que é económico,





recadase motos mais, nestes tempos é un atraso que non entren nela, a nos nos saldría moito máis barato é o futuro e teñen que entrar aí si ou si.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non podemos seguir atrasando o punto limpo por culpa de dous concellos que non se deciden.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que deberían obrigar porque medioambientalmente a xente non tira, pero tira.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o que pasa con Mugaros é unha cousa diferente pola motivación, pero sen embargo é o mesmo porque non arrancan, e cal é a razón de Mugaros, que a interventora non fai o informe, non tivo tempo a abrir o expediente e non fai o informe, teñen 15 días para facelo e senón o levaremos adiante Fene, Cabanas e Ares entón ben, que arranque isto porque levamos cinco anos

Sometida a votación o escrito do Concello de Fene sobre erro material na transcripción acordo convenio de colaboración entre os concellos de Fene, Cabanas e Mugaros a "o concello Pleno, por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.6. Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm.7. Mocións-Propostas

- a) Moción do P.P.: "Parta instar ao goberno de España a non apropiarse dos Recursos das Entidades Locais".

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE ARES, PARAINSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

José Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Concello.

O Grupo Municipal Popular no Concello de ARES conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.





O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforras", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles abriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais - de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidaas como:

Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforras dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforras municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.





O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforras acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforras durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforras do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de ARES, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

O compromiso do Concello de ARES, coa Leí de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforras que agora reclama o goberno central. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforras acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSFJ para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.





Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que ten a palabra o voceiro do PP para explicar o petitum da moción presentada.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que xa se falou disto na comisión noutras ocasións, creo que é un erro o que o goberno quere facer que ao final non vai a ser nada porque na comisión do parlamento a proposta foi rexeitada por todos os grupos parlamentarios quedando a Ministra soa e creo que é un atraso, voume a centrar no noso concello que creo que ten un problema futuro que ten que resolver e non é lóxico que se bote man do remanente e que nos están controlando se podemos gastar ou non gastar a anécdota é que aprobouse na FEGAMP co voto de calidade do Presidente esta proposta e creo que non ten lóxica porque o noso concello ten un problema co tema do auga e debemos resolvelo. Na FEGAMP aprobouse por unanimidade co voto de calidade pero cando foi a publicarse no BOE dicía en dez anos e despois incrementárono cinco anos máis, se nos quitan o remanente imos a estar quince anos para que o devolvan é media vida e iso non e xusto como ben dixen na comisión informativa. Os últimos gobernos do Estado foron ao rescate dos bancos e caixas de aforro e eu creo que os bancos teñen que ir ao rescate do Estado non os concellos, os cartos son os veciños e nós como responsables políticos neste caso o Alcalde non ten que velar polos intereses do partido ten que velar polos intereses dos veciños porque son os cartos dos veciños, iso en definitiva creo que non é lóxico e menos no noso concello que temos que facer unha inversión importante que vaian a banca privada ou Europa pero que deixen os nosos cartos para os veciños porque os necesitamos, a maiores o Alcalde ben o sabe que para iso tivemos as comisións do COVID-19 onde viñas advertindo dos gastos xerados con todo isto, porque ao final somos a administración finalista porque nos cae todo porque hai unha serie de gastos e compromisos que se chegaron na FEGAMP e que se poñan a disposición finalista cinco mil millóns para os concellos e non se fai nada e non hai dereito, creo que aparte de que ningunha administración bota unha man aos concellos quédanse co remanente, eu creo que non temos que soportar isto, antes cos partidos políticos están os veciños que son os que nos puxeron aquí e os temos que defender e ademais co problema que temos a maiores moi importante que temos que resolver e se pode ser nun ano que non sexa en dous, eu creo que non debemos permitir que nos vaian ao remanente do concello.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que nos xa tiñamos a nosa posición ao respecto deste tema, e noutras mocións que xa tiñamos presentadas ao respecto de como se debe repartir e entón ímonos centrar esa idea primeira. Respecto a situación económica que estamos a vivir e todas as consecuencias ao respecto de como esta o tema do remanente que é unha cuestión que vimos sufrindo desde a época do PP ca lei Montoro, nós xa temos a idea que tiñamos noutros momentos.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.





Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o concello de Ares en principio non ten intención de participar da cesión do remanente tal e como está previsto no acorde do FEMP, non imos adherirnos a esa posibilidade porque efectivamente non compartimos ese espírito de compromiso das eleccións de derrogar a lei Montoro e estamos esperando esa derogación que de momento non aconteceu, nos somos legais e fieis a esa proposta. O problema o xera un goberno PP que fai unha reforma da lexislación local e efectivamente a través dunha derogación do chamado crédito de gasto nos mete nun problema, non podemos esquecer que creou este problema entón unha das solucións para resolvelo é a derogación da lei Montoro e mentres non se derroga a Lei Montoro a única maneira é cedelos a administración central e logo a administración central regula e pacta uns retornos, os retornos xa sabemos como son, cinco mil millóns no primeiro ano e o resto a devolver en quince anos pero é a única posibilidade ou unha das posibilidades non a única porque a verdadeira é derrogar a lei Montoro directamente pero entón se derroga a lei Montoro esta é unha das solucións a un problema que xerou o PP o Ministro Montoro que foi o que loxicamente introduciu a regra de gasto entón claro loxicamente non compartimos o espírito deste acordo, porque non o compartimos, pero iso non nos pode levar a ignorar quen nos meteu neste brete e esta é unha das solucións precisamente hai unha solución que non nos gusta por iso non imos adherirnos, a solución que queremos é a derogación da Lei Montoro que é loxicamente a proposta que ía nas propostas electoral do partido no acorde do partido asignado con Podemos entón nos, somos partidarias de que se cumpra ese compromiso e que non se fai unha solución como esta pero que non é a solución que nos defendemos e por tanto os remanentes de Ares están a salvo porque baixo ningún concepto van a ser cedidos polo menos voluntariamente e de momento este acordo só contempla cesións voluntarias, aquí non hai ningunha protección o que quere participar participa e o que non, non participa, nós non vimos a participar porque non compartimos esta filosofía esta é una solución que non é a preferida, nos preferíamos que se derrogara a lei Montoro e que non se tirara por este camiño do medio solvente en parte o problema da regra de gasto, pero non o resolve como ía no programa electoral, no acorde de goberno que é a derogación que nos defendemos entón, non participando na filosofía do acordo tampouco podemos votar a favor "instar ao goberno de España a non apropiarse" a cesión é voluntaria, a cesión é voluntaria e por respecto a autonomía local nos tamén temos que ser respectuosos coa decisión soberana dos concellos que queren adherirse. Si hai un concello que quere adherirse a iso é porque nun pleno os representantes votan a favor e nos temos que respectar que haxa concellos que fagan a cesión voluntaria porque son soberanos e é unha decisión de sitio entón, non hai apropiación, non hai apropiación, se houbera apropiación, claro que votaríamos en contra da apropiación pero como o convenio da FEMP o que contempla é unha decisión voluntaria, nos non podemos votar en contra porque sería una falta de respecto a unha autonomía local daqueles concellos que si van a adherir porque temen soberanía para adherirse, nós non podemos estar en contra dunha cesión voluntaria, si estamos en contra ducha apropiación pero non existe esa apropiación, polo tanto non podemos votar a favor ducha moción que fala de algo que non existe, por respecto as cesións voluntarias que cada concello faga o que queira, nós desde logo se fora unha apropiación si que estaríamos en contra e sendo una cesión voluntaria nós estamos en contra, pero respectamos quen o queira facer que o faga, por iso anunciamos o voto en contra da moción, porque fala dunha apropiación que non está contemplada na norma.

O Sr. Alcalde abre a segunda queda de intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en principio ca Lei Montoro quero dicir que esta lei foi feita cun fin, foi a crise económica e houbo que rescatar aos concellos e





precisamente o Concello de Ares foi un dos que houbo que rescatar, comunidades autónomas e eu creo que dende o goberno houbo que controlar un pouco o gasto de todo isto, foi feito con ese fin, agora ven encima outra crise pero creo que esa lei se a cousa fora con normalidade habería que expandir, esa lei tivo un fin que foi controlar o gasto de todas as administracións públicas de todo o Estado iso foi o fin, que segue en vigor, pois iso xa fai que está e debería cambiarse, ampliálo e facer outras cousas, as ataduras que ten o estado sobre os recursos dos concellos eu creo que iso habería que sacalo e creo que é un problema do parlamento español, iso habería que arranxalo e neste caso os representantes dos concellos teñen a FEMP ese é o tema.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que sen querer solapar a intervención do voceiro do BNG, simplemente contestar a túa intervención. O rescate do que ti falas non existe, non houbo tal rescate dos concellos, nos poderíamos solucionar a situación indo ao mercado e pedindo un préstamo, nos si tiñamos autonomía local e debíamos preto de catro millóns a provedores, íamos ao mercado e pedíamos un crédito e o que fino Montoro é concedelo el, é dicir, o crédito o dou o Ministerio de Facenda por certo a un tipo de interese máis alto do que poderíamos obter no mercado porque había que salvar a banca, e a banca había que salvada con clientes solventes que pagan fixo entón forzoso a ser clientes por narices de Bankia que era un banco quebrado, o banco do ministro que foi a cárceres, entón como había tamén que salvar a Bankia dixo aquí hai concellos que non lle pagan a provedores forzamos o crédito con Bankia para todas as administracións a mis dun 5% un 5,80% ou un 6% e nos fixo a todos clientes de Bankia a un interese superior ao do mercado e non nos deixou ir caos concursos restritivos de convocar un préstamo e que ofertaran un tipo de interese das diferentes entidades e darlle a mesma lata porque nos traballabamos co BBVA e tivemos que deixar de traballar coa oficinas virtual e ca banca electrónica do BBVA que era con quen estábamos traballando por certo a intereses de 2,5%, 3%, 3,5% e iso é un rescate, iso non é un rescate e houbo anos que estábamos pagando 2 ou 3 puntos de interese a Bankia superior ao do mercado, estaba no mercado ao 3,5 e nos estábamos a 5,8 con Bankia, entón de rescate nada, porque o que nos prestaron o tiremos que pagar a un 5.8% cando podíamos resolvelo solicitando nos un préstamo, esa foi a realidade, é certo que con ese préstamo nos pagamos a provedores pero tivemos que facelo con Bankia porque non nos autorizaban facelo con outro banco e ao tipo de interese que fixou o Ministerio de Facenda por certo, o rescate foi o de Europa que lle prestou os cartos a España a un 2% e Montoro eses fondos europeos os deu aos concellos a un 5,8% a 3,8% por encima do tipo de interese que fixou Europa, e iso é un rescate, nos fixo clientes forzosos de Bankia, en calquera caso eu creo que este debate xa o tiremos e creo recordar que o BNG participaba de non meterse neste fregado pero nos tivemos que meternos porque como pagabamos a provedores isto foi así e nos tiremos que meter a un 5,8% de interese pero ben, como di Manuel isto xa fi e xa esta, xa fi e tiremos que ir por aí na política todo é posible, pero si é certo que ágora non é apropiación que quere vai e que non quere non vai.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que simplemente querías responder a una cosa que digo o Alcalde, senón recordo mal, ese préstamo do Banco Europeo a España aos bancos nacionais era do 1%, era o negocio redondo que buscaba Montoro para salvar a Bankia é dicir, Montoro lle dicía a Europa deixa que eu che dou os clientes en vanche a devolver os cartos e tanto fi así que ese préstamo, ese plan que tiña que chocar un anos antes de chegar a eles xa houbo unha variación dos intereses, una baixada dos intereses bastante importante entón, tendo iso como precedente non vaíamos a caer no mesmo error do 2008 por iso é polo que o BNG





sempre estivo incidido en que nos as propostas as facemos a FEGAMP que é onde temos que poñer o noso foco porque tamén a realidade territorial e de poboación galega non ten nada que ver ca do resto de España e por tanto non se pode extrapolar unha idea xenérica de España que non vaia a beneficiar a Galiza porque non vai a beneficiar a Galiza pola súa situación o se espallamento territorial, por unhas cuestións que temos.

Os concellos galegos foron capaces de reducir a débeda nun 0,3% do PIB moi lonxe do 3% ou sexa que os concellos reduciron a débeda moito máis do que lles era permitido e polo tanto entendemos que ten que reverter eses cartos aos concellos e por iso que nós incidimos na defensa que fixemos xa hai tempo da derogación da Lei Montoro e igualdade de trato entre as administracións esta moción nos vemos que sexa probable no caso galego porque en ningún lugar fai referencia a esa concreción que dicía eu antes do caso galego e polo tanto nos non le dimos a dar o voto a favor porque a nosa petición desde hai anos é a derogación da Lei Montoro e a partir de aí negociar ca FEGAMP como vai a ser ese reparto nos concellos galegos que xa digo que se portaron bastante ben ao respecto dos cartos de todos e que non se pode facer agora unha apropiación para darlle solución.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Unha vez rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo do PP “Para instar ao goberno de España a non apropiarse dos Recursos das Entidades Locais” o pleno do concello por 3 votos a favor (3PP) e 9 en contra (7 PSdG-PSOE, 2BNG) e 1 abstención (1NAL) acorda rexeitar a moción.

b) Moción do PSdeG-PSOE: Protocolo fronte o COVID-19 na volta as aulas no vindeiro curso escolar.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación ao Protocolo fronte ao coronavirus na volta ás aulas este vindeiro curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e abrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais,





dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, comovimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

- Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.
- Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.
- Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos





derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Pleno do Concello de Ares insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que: Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
6. Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

Asdo.: Alma. B. Barrón Ferro





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que tal e como foi a moción a comisión a proposta da resolución componse de seis puntos; que inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles, se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso, establecer unha reunión urxente ca FEGAMP para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria, se habiliten os fondos extraordinarios necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria, se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno da Xunta de Galicia, que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a Educación se negocien de maneira transparente por todos os sectores implicados, que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais, que é o que corre presa, sabemos que o das aulas son 25 alumnos por aula iso si, dentro dunha terraza dez pero nas aulas poden estar vinte é o máis grave de todo é que no comedor na escola de Ares só poden comer trinta e sete nenos e hai moitos máis, a ver como fan quendas para comer. Eu penso que o comedor e o transporte é o que está máis en risco, porque as aulas por vinte cinco por aula son moi pouquiños que teñan menos de vinte e cinco nenos por aula poden ser excepcionais as que pasen de vinte e cinco, así como na miña época eramos corenta por aula, hoxe é moi difícil que sexan máis de vinte e cinco, pero o problema é o comedor que ten unha función social fundamental que non sendo un instrumento de conciliación axuda a conciliar, hoxe teñen que traballar practicamente os dous membros da parella para ter un soldo razoable, case todo o mundo é mileurista e teñen que traballar, non é que teñan e que moitas familias traballan os dous entón efectivamente o risco está no comedor e no transporte, se cae o transporte e o comedor non sei cal pode ser a solución entón nós, nesta moción traemos isto e no que máis facemos fincapé porque sabemos que o transporte e o comedor son esenciais en consecuencia esta é a proposta de resolución e abrimos unha quenda de intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que están de acordo en todas as propostas que leven a normalizar dentro da anormalidade da volta ao cole e polo tanto anunciamos que o noso voto vai a ser a favor. Nós temos tamén unha moción que presentaremos pola vía de urxencia que vai tamén nesta medida, e non temos máis que dicir, a proposta non é igual que a que nós traemos pero tamén estamos de acordo é ímola a votar a favor.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que van a presentar unha emenda que si é aprobada imos a votar a favor e senón votaremos en contra. Eu voume a ceñir ao tema





local a escola de Ares, sinalar que as medidas que se están a tomar non se están a tomar por parte da Xunta, son as que están dentro do protocolo de sanidade e educación e houbo un acordo con todas as direccións dos centros da Comunidade Autónoma. En canto a escola de Ares recordar que levamos dez cursos cos nenos metidos en casetas de obras e temos que ser un pouco conscientes, esta moción en Ares non debería de presentarse porque nós bastante temos que lamentar porque levamos dez anos cos nenos nas casetas de obras, vou a dar lectura a transacción que imos a presentar, si é aprobada votamos a favor e senón ímola a votar en contra:

1. Instar a Xunta de Galicia a garantir unha total seguridade sanitaria nos centros educativos para o vindeiro curso 2020-2021 a través do cumprimento dunha normativa específica acorde a realidade dos centros educativos de Galicia.
2. Instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a maior normalidade nas aulas e para establecer a mellor situación posible para a persecución dos obxectivos académicos marcados para o curso 2020-2021 con especial énfases no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta as aulas.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que como ben dicía antes o Alcalde, aquí en Galicia o ratio de nenos/as como a poboación vai minguando pois non hai ningún problema, niso coincidimos todos que Galicia non vai ter problema de aforo. Manifestar que hai dispoñibilidade por parte da Xunta de Galicia si hai algún problema van a dispoñer de dous mil profesores e haberá que arrancar e veremos o que pasa, iso é o que entendemos nós, creo que os nenos non poden estar sen escolarizar iso xa está por parte do estado e dos gobernos autonómicos, hai que darlle unha solución, no momento en que haxa algunha incidencia hai que solucionalo pero eu creo que os nenos/as teñen que ir a escola, iso temos que telo todos claro porque si seguimos así coas mesmas medidas imos ter tres anos sen escolarizar os nenos/as e iso sería unha xeración perdida, todos temos que ter responsabilidade neste tema, sabemos que é un risco e estamos falando de menores, o maior risco é de cinco anos para baixo que é cando xogan o resto está bastante controlado e aí haberá que facer vixilancia estrica, volvo a reiterar que si se aproba a transacción que facemos imos a votar a favor e senón votaremos en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que dende o concello facemos o que loxicamente decide a comunidade educativa, é a administración que ten as competencias no eido da competencia educativa entón, cando efectivamente se fala da ampliación da escola o aparcadoiro dos profesores é urbano e a pista é urbana e a solución inicial era xa que había tanta urxencia para a construción da ampliación era construílos nos espazos que de acordo ao cas normas subsidiarias era urbano que era o aparcadoiro e a pista e levar o aparcadoiro e de pista aos terreos de arriba que era rústicos pero admitían o uso de aparcadoiro e pista e a comunidade educativa dixo que non, a dirección do centro dixo que non e o delegado da consellería de educación dixo que non, pois sen plan non é posible, sen plan non era posible, que por certo non o apoiastes, non era posible, que haxa nenos/as nun aulas prefabricadas non é culpa do concello porque nós en educación non temos competencia, nós temos competencia para poñer a disposición terreos e os puxemos, cando nos dixeron necesitamos terreos urbanos para facer a ampliación, hai tedes o aparcadoiro e a pista e dixeron que non, que querían os de arriba, pois para os de arriba hai que aprobar o plan de urbanismo mentres non este aprobado o plan de urbanismo non se pode facer ampliación efectivamente senón queren as aulas prefabricadas, dende fai dez anos poderían facer a ampliación no aparcadoiro e na pista e de feito o convenio que asinamos coa deputación e coa consellería de educación era derribar a pista e o aparcadoiro co apoio da deputación e do concelleiro fíxose un convenio, e





non o podemos levar a cabo porque a dirección do centro quere, efectivamente por razóns organizativas, eles sabrán loxicamente porque, queren a ampliación nos terreos de arriba e esa non é unha decisión do concello, o noso é poñer a disposición os terreos e puxemos suelo urbano dende o minute un, o aparcadoiro e a pista, nós non temos competencias en material de educación eles decidiron e decidiron así, consecuencia de esa decisión, ter nenos en aulas prefabricadas ata que se poida ampliar a escola nos terreos de arriba que está condicionado ao plan de urbanismo, esa é a realidade.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando ao voceiro do PP se a transacción é substitutiva dos seis puntos da proposta da moción ou suma aos nosos seis.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que son dous puntos que habería que sumar a moción presentada polo PSdeG-PSOE.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si é unha emenda aditiva, sumar aos seis puntos aos dous.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que sendo así, aceptamos eses dous puntos a maiores porque efectivamente non desvirtúan a moción presentada, pedirlle a Xunta de Galicia garantir unha total seguridade sanitaria nos centros e poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a maior normalidade nas aulas e para establecer a mellor situación posible para a persecución dos obxectivos académicos marcados e con especial énfases no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta as aulas, non temos nada ao que opoñernos son os dous puntos que temos que engadilos e sumámoslos a nosa moción e entendo que os dous puntos que propoñedes non desvirtúan do contido e si aportan dous cousas que nós non tiñamos contemplado que é a seguridade dos centros que pode existir e a saúde emocional que tamén pode existir, pode haber nenos/as que vaian con medo as aulas porque teñen medo a contaxiarse, claro que pode haber esa inquietude, algún neno/a pode sentirse mal porque non saben si tocar ou non tocar, hai nenos/as que poden ser hipocondríacos e iso pode minguar a súa capacidade intelectual porque están máis pendentes do que tocan que das explicacións tamén pode ser, nós aceptamos o engadido de eses dous puntos e queda saber se o BNG modifica o seu voto co engadido destes dous puntos.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que non entenden o primeira parte do discurso do PP porque remite o tema a ampliación da escola que logo non foi, non a incluíu nas sinais, non imos a entrar nun tema trillado e son grandes e distintas actitudes por todas as partes entón, nós ímonos centrar na proposta de resolución do PSdG-PSOE que como dicía antes apoiamos e tamén apoiamos esas propostas que veñen do PP o que pasa é que a nós cústanos realmente entender como dende a Xunta de Galicia e da Consellería de Educación vai nunha dirección e a proposta vai nunha dirección distinta. Non estou de acordo en que Galiza pase ao ratio máis pequeno igual noutros sitios vía a haber menos problema nese sentido e realmente os problemas non o sabemos ata que pasen entón, o día a día é o que vai a marcar si realmente vai haber ou non problemas e no sentido emocional tamén é certo, como dixo o Alcalde o simple feito dunha nova realidade día a día, ese impedimento que vai haber para que os nenos/as pódense relacionar con naturalidade como fan cos seus compañeiro/as descargando parte da responsabilidade nos equipos directivos e no profesorado que pasan a ser os encargados de que se cumpran as normas que non sabemos si van a funcionar e non sabemos si realmente estamos ou non estamos capacitados para cumprir deixando de lado





todo iso entendemos que esa non é a solución esta moción, pero si apoiamos calquera medida que poida minimizar o que se nos ven encima, e o que se nos ven encima é un problema que non sabemos como se vai a resolver sabemos que por parte da FEGAMP están traballando tamén no tema e o que piden é que a Xunta mova ficha entón nós imos a dar a aprobación a todos estes puntos porque non nos parece que teñamos que estar en contra para nada e creemos ademais que son insuficientes pero a nosa petición é o noso voto a favor. Respecto da ampliación do colexio non imos a entrar porque xa a nosa posición está moi clara e non imos agora a discutir a poñer de manifesto e sobre da mesa as actitudes que aquí se dixeron, tamén adiantamos que temos dous propostas, dúas mocións que van pola vía de urxencia que non foron incluídas na orden do día que tamén versan sobre a volta ao cole polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que quere facer unha puntualización en canto o plan xeral nos presentamos trece alegación e non le presentamos ningunha estamos de acordo co tema da ampliación do colexio e iso o deixamos nos practicamente listo morreu o plan xeral e acabou e o motivo que parece ser que non se cumpría a ratio, ese era o tema pero vouche a recordar que eu fun testemuña e estaba presente una vez cando estiremos da delegación territorial con este tema, non sei si o recordas que somos os dous voceiros e veu o Xefe territorial de Urbanismo da provincia da Coruña e el ía a buscar una solución a este tema, sabes que o xefe territorial quería facer a ampliación. Despois os mesmos técnicos de Ares dubidaron da legalidade creo que daquela se nos nos fiaramos que o que tiña que afinar era el. el asignaba que se podía facer pos era a autoridade competente da provincia e eu creo que aí cometemos un erro, aí nós non nos colmamos as mans para nada porque si o xefe territorial provincial asignaba de que iso podes facer e da o visto bo nos aí non temos nada que facer eu creo que aquela perderse una oportunidade importante non foi a culpa dos voceiros foron discrepancias técnicas e ao final o atraso foi de de anos.

En canto a intervención do voceiro do PP sinalar que en canto a moción que presentamos e a que presenta o PSdG-PSOE dicir por activa e por pasivo que eu son concederon do concello de Ares non son deputado autonómico nin nacional eu vou a defender os intereses do meu concello e as deficiencias que hai e poder todo o esforzo que poda para defender e restablecer calquera deficiencia que poda te calquera colectivo de este concello nos sempre o vimos a apoiar e eu persoalmente vouno a facer porque son concederon de concello a min dáme igual o que diga a FEGAMP non nada eu falo do colexio de Ares que é o que nos importa a nos e para o que fomos votados e representados para defender os intereses dos aresáns iso é o que primeiro temos que mirar, despois cada un que defenda o se partido e que cada un faga o que queira pero o primeiro e defender os intereses dos aresáns e neste caso do colexio de Ares esta é a mica posición, a min o que me interesa é o colexio de Ares e que os nenos de Ares non se infecten e que teman os mellores resultados académicos como se ven dando ata agora que vimos destacando porque o colexio de Ares ten moi nos resultados académicos e eu creo que todos temos que colaborar tanto a dirección como os que gobernan como os que están na oposición e cada un dende a súa responsabilidade ten que facer o que se poida.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que nesa reunión na que veu una persoa de educación ni mis non menos que a confirmar o enfoque ca delegada territorial era que non podía facer a ampliación no aparcadoiro ni na pista porque na ratio de solo por alumno deixábase de cumprir é dicir, nos espazo actual do colexio o aparcamento e a pista computan como espazos libres e se necesita unha ratio de espazos libres suficientes, si se construía na pista sen





engadirle mis terreos non se cumpría a ratio, nós dicíamos que iso non podía ser así porque si que engadiríamos mais terreo que xa computaban os terreos de arriba e efectivamente non se conseguiu ese señor cerrouse en banda co mandato dixeron que non a opción de facelo abaixo porque logo se puxo de manifesto cal era a opción do centro e ben a consellería avalou tamén esa decisión da dirección do centro de facelo arriba, pero podían dicir directamente que esa era a razón e non mentirnos porque dictan que abaixo non se podía porque diminuía a ratio de esposos libres e nos le dicíamos que non porque achegabamos os terreos de arriba, esa aportación de terreos ampliaba a ratio entón ben a decisión do centro de querer que se faga a ampliación arriba fi una decisión da dirección é máis a min constate que non o negan ti preguntas nun consello escolar e o din queren a ampliación nos terreos de arriba e para iso hai que te un plan de urbanismo aprobado en calquera caso e centrándonos EEUU inicio o curso escolar e no primeiro colexio mil douscentos contaxiados en quince días, é certo que EEUU ten una situación desbocada onde a xente que é positiva e non ten seguro de saúde contratado o terán mi complicado e si non estas contratado e non tes una empresa que cotiza non tes cobertura salvo o de beneficencia que o derribaron para o COVID é una situación mi completa que non diga que vaia a pasar aquí pero que pode haber un brote no colexio brutal pois si, que é una situación de risco pos si, que vai haber pánico escénico quero dicir, que un neno espirre vai saltar a alarma en todo o centro, e si ten febre igual mentres non este descartado que é o COVID vai a asustar a todo o aula e eles temen febre cada dos por tres e resfriados común é dicir é algo moi difícil de xestionar é algo que mete medo pero amén é algo que hai moita hipocrisía hai quen estivo todo o verán de terrazas e os en no palco ata as dúas da maña e ágora veñen da dicir que hai moto risco no colexio iso amén sentarme como una patada no cu, e o dis ti, tamén hai moita hipocrisía no sentido de que non imos a dicir que na escolar hai un problema cando o neno estivo todo o verán por aí pero si é certo que a situación de risco existe, a situación de rico existe non se si efectivamente vaise a ter sorte porque hai un factor moi importante aleatorio si hai un foco que non controlas os primeiros días pódese complicar.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías para facer unha puntualización en canto a manifestación do representante o PP, eu alédome moito que vostede diga que como a súa defensa que como concelleiro electo en Ares vela pola defensa do caso de Ares , é una pena que cando vostede foi alcalde non defendese o mantemento das escolas unitarias de Cervás cando os país pedíamos que non pechase a escala e que vostede non instase a xunta que en vez de pechar as escolas unitarias fíxese un plan de proteccionarización para que tivesen máis valor as escolas rurais unha cuestión que a día de hoxe moitos se tiran das orellas porque si houbera esa proteccionarización do ensino no rural, non estaríamos falando de masificación nalgúns centros polo tanto, benvido a defensa dos aresáns/as e nunca é tarde si a dita e boa.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández respondendo ao Sr. Mesías Farías, sinalando que toca de oído, e ti que vives da música diríache que hai que tocar por partitura un bo músico toca con partitura non de oído, infórmoche que eu mantiven un aula de Cervás con cinco nenos, pedín unha reunión co concelleiro e estivo esa aula aberta con cinco nenos e o seguinte ano houbo tres e despois os país dos tres nenos non quixeron mantela, non lles interesaba porque non tiñan con quen xogar nin con quen relacionarse entón, é mellor que toques por partitura non de oído e mantivemos con cinco neno o aula de infantil de Cervás e a





de Redes tamén pero xa non se puido aguantar máis, como o vas manter, os únicos prexudicados son os nenos que non se relacionan con ninguén como van a estar aí tres nenos, en Redes fun a falar eu ca mestra pero era imposible eu pelexei, con cinco nenos aguantei o aula, fun eu persoalmente a falar co concelleiro a delegación díxome que non, pero fun a falar co concelleiro e mantivo o aula precisamente veu unha profesora de Pontedeume, que quede claro.

Remata a segunda quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación coa incorporación dos dous puntos presentados polo PP en canto a seguridade sanitaria e saúde emocional polo tanto a moción contaría con oito puntos.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo PSdeG-PSOE **“PROTOCOLO FRONTE O COVID-19 NA VOLTA AS AULAS NO VINDEIRO CURSO ESCOLAR 2020-2021”**. o pleno do concello por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 3PP, 2NG, 1NAL) acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Responde o voceiro do BNG sinalando que por parte do seu grupo hai tres mocións, a primeira vai sobre o inicio do curso escolar e defendémola urxencia porque o inicio do curso é maña, esta moción ven dunha moción xenérica similar a que aprobamos todos e presentada polo PSdG-PSOE e queremos que vai por esa vía, é unha cuestión xenérica, esa é a primeira moción sobre o inicio do curso a nivel galego.

A segunda moción é tamén sobre o inicio do curso pero centrado xa no caso de Ares, neste sentido entendemos que dentro das nosas poucas competencias que temos en materia de educación que é poñer os terreos nada máis o único que podemos facer agora, non imos a pedir agora que se faga para mañá que é día un e empeza o curso a ampliación do colexio que non é viable pero o que si se pode facer é que o concello de Ares adopte a obra necesaria para resolver un dos problemas que vai ter o ensino de este curso que é tamén ter espazos de lecer entón o que pedimos é que se anexe a finca que vai ser para a ampliación do colexio, simplemente se anexe a finca actuar do colexio para que o recinto do colexio se amplíe, esa finca utilizaríase para os tempos de lecer e para o que dispuxese a dirección do colexio, entendemos tamén que está máis que xustificada esta urxencia porque xa digo que foi presentada o día das comisións pero o colexio empeza mañá e o que lle pode supoñer ao concello é unha cuestión mínima que xa o temos pedida en anos anteriores que é, que unha vez que a ampliación do colexio vaia aí que o concello faga o seu traballo o que asinou coa Deputación e a Xunta de Galicia que era poñer a disposición uns servizos postos ou sexa, a rúa pasala pola parte de arriba para fusionar aquelas fincas que é un tema que o concello aínda non fixo e iso si que o podería facer e non estar esperando ao PXOM para facelo novo, ou sexa que cremos que é unha obra que se pode facer xa se problemas.

A terceira moción que presentamos pola vía de urxencia, ben Sr. Alcalde non sei si é que estou adiantando e prefere ir unha por unha.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que no se preocupe.

Continúa o Sr. Mesías Farías sinalando que a terceira moción refírese ao problema do abastecemento como se pode dalgunha maneira ter un detalle con esa xente que sufriu as obras de abastecemento que xa foron tamén discutidas e que van a axudar agora neste tempo





digamos para non desvirtuar o debate polo tanto, queremos que se someta a aprobación pola vía de urxencia de esas tres mocións que acabamos de citar, esperamos a que o teñan e xa continuamos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o problema do pleno con asistencia virtual como se fan chegar as mocións aos presentes pola vía de urxencia.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que a envía por whatsapp.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que isto é un roio que si a pantalla, que si as queren aprobar convoca unha xunta de voceiros as discutimos aí e se aproban e nos deixamos de roios senón ímonos a liar con papeis.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se deu conta, dinme conta agora a hora de repartir a verdade que non caín.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non se vai a atrasar nada vai a unha xunta de voceiros se presentan alí e se aproban ou se desestiman, eu son partidario que se convoque en dous días a comisión e xa está, e nos deixamos de este roio e que si non vainos a dar as dúas e media da tarde.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a única posibilidade que hai e que presenten unha moción e que quede enriba da mesa e o que este a favor diso o vota ou non, pero para que se cumpra o teu si o BNG non o acepta que terá que pronunciarse si o acepta ou non, eu non podo decidir que si pero temos que darlle forma ou o BNG o acepta e non se adaptan agora e se levan a comisión ou senón tes que propoñer que quede enriba da mesa e que se voten si quedan enriba da mesa ou non porque si votamos a urxencia xa non é que quede enriba da mesa.

Responde o Sr. Mesías Farías sinalando que se pode votar a urxencia e que quede enriba da mesa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é contraditorio votar a urxencia para que quede enriba da mesa.

Responde o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que cree que é así, primeiro votar a urxencia e logo votar a proposta de que quede enriba da mesa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que decida o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías a esta situación chegamos dunha maneira que xa foron presentadas o día dezaioito que decidiuse que non se meterán no expediente do pleno e iso non o imos a discutir, pero claro a cuestión que nos traemos aquí unhas mocións pola vía de urxencia que o estamos facendo pois como cando se trae unha moción, claro non as teñen, pero non as teñen porque son pola vía de urxencia pero agora xa as tedes é dicir, teremos que afinar un pouco máis o sistema ese como vía pero as mocións xa as tedes, o que se vai a discutir agora non o sei, eu expoño a urxencia e a urxencia vai referida a un debate que nos queremos dar si hai que estar e saber en concreción o debate logo vostedes xa poderán votar a favor, en contra ou absterse ou incluso facer algunha emenda si é unha moción pola vía de urxencia loxicamente podemos ter o mesmo sistema que si fose pola vía ordinaria que o





teríamos no expediente, cousa que nós propuxemos e non foi aceptada polo tanto, nós o que pedimos é que se someta pola vía de urxencia esas mocións que xa as tedes todos.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai que someter a votación da urxencia e despois senón queredes debátelas aquí podedes propoñer que queden para a xunta de voceiros entón efectivamente votase e punto, eses son os parámetros posibles non hai outros, unha vez que o voceiro do BNG di que se vote a urxencia pois temos que votar agora, unha vez votada a urxencia como fixo o BNG moitísimas veces pedir que quede enriba da mesa para unha xunta de voceiros, estes son os parámetros do debate entón, imos a empezar ca primeira, logo ca segunda e despois ca terceira. Imos a considerar a primeira a xenérica sobre educación que é unha moción parecida a que acabamos de aprobar por unanimidade ten cinco puntos, procedemos a votar a urxencia.

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG **"INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021"** que a continuación se transcribe;

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAS así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:





Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza.

Malia isto, na disposición adicional 4ª da leí 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán senda prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécese as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia.

Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares.

Asociacións de nais e país de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecuste.

Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPAS.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID- 19, non pode obviar a totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do sobrecuste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta en funcións sobre as abrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as FANPAS (ás que denominou operadores educativos)





que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galega.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.
3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con **urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas** que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.
4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.
5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.

En Ares, a 18 de agosto de 2020

Asdo.: Emilio Mesías Farías
Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo grupo BNG **“INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021”** o pleno do concello por 12 votos a favor (7 PsdG-PSOE, 3PP, 2NG) e 1 abstención (1NAL) acorda aprobar a urxencia.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que como ben dixemos antes todo o que ten que ver cos plans de educación con respecto a estes protocolos que está variando constantemente é posible que algunhas cousas queden un pouco atrasadas, así e a todo vou coa lectura dos acordos:

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.





- 3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.**
- 4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.**
- 5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que ningún dos puntos teñen que ver cos anteriores entón non hai contradición efectivamente o 2,3,4, e 5 son abrir debates perdón o 5 e dar traslado do acordo, o 2 é asumir o custo da limpeza que o teñen que asumir a limpeza é competencia autonómica e o 1 si que podería xerar algún adecuada porque sería rexeitar o protocolo COVID-19 aprobado pola Xunta de Galicia aquí imaxino que o PP non estaría moi de acordo con isto aínda que é certo que o voceiro dixo que está para defender primeiro o colexio de Ares e ao mellor entende que esa defensa dos intereses singulares do colexio pois tamén determina o rexeitamento ao protocolo COVID-19 do ensino e ben, para iso abrimos unha quenda de intervencións para fixar posicións dado que o BNG foi o propoñente da moción a quenda de intervencións empezaría por NAL.

O voceiro do NAL non quere intervir.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que como ben se pode ver co protocolo do COVID-19 o que pide o BNG e que non quixeron participar nin dialogar, ti non podes ir a unha negociación con xente que non quere chegar a un acordo si se mira polo interese dos nenos/as hai que chegar ata o final cantas veces sexan necesarias, o que non se pode é chegar aquí e plantar fronte a xunta sen motivos e sen alternativas eu creo que non, hai que chegar a un acordo é isto non é o debido neste momento máis que nada polo punto 1, o resto ben, non é que a comunidade autónoma non quixera retocar e non houbera un protocolo nin quixera chegar a un acordo coas ANPAS nin cos responsables do colexio nin cos representantes sindicais.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP cal é a súa posición fronte a moción, que si sacan o punto 1 a favor e senón en contra.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que como ben dicía antes, esta é unha moción xenérica que ten a súa interpretación nos concellos e o que aquí se incorporan son feitos que tiveron que ver en Santiago, realmente hai un protocolo presentado pola concellería, é como di o responsable do PP, os representantes sindicais, os representantes dos traballadores do ensino da mesa sectorial non quixeron debater sobre un protocolo que segundo eles non había





por onde coller, aínda así e a todo a concellería votouse para atrás nalgunhas cuestións de ese protocolo, tampouco é que sexa a cousa branca ou negra pero ao menos si que había outra maneira de abordar, en alas de entendemento e para darlle para diante retiraríamos o punto 1 que é o que non está de acordo o PP con ánimo de votar para diante esta moción aínda pensando realmente que o protocolo presentado pola concellería non había por onde coller entón, aceptamos a proposta do PP retirar ese punto 1 o retiramos e que se someta a votación o resto da moción.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP si acepta.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si.

O Sr. Alcalde somete a moción a votación co punto 2, 3, 4 e 5 e a exclusión do punto 1 polo tanto a moción quedaría restrinxida aos puntos 2, 3, 4 e 5.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo BNG **“INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021 COA EXCLUSIÓN DO PUNTO 1”** o pleno do concello por 12 votos a favor (7 PSDG-PSOE, 3PP, 2NG) e 1 abstención (1NAL) acorda prestar a súa aprobación.

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG **“INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021 CPI AS MIRANDAS”** que a continuación se transcribe;

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCION

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación actual provocada polas medidas ao respecto do chamado COVID19, están a modificar hábitos e cambios no noso día a día. Os concellos dentro das súas competencias e -moitas veces- fóra delas, están a asumir moitas destas decisións.

O comezo do curso escolar preséntase confuse, cun protocol enviado pola Consellería de Educacion fortemente criticado por Profesorado, familias, AMPAS, sindicatos, etc... As medidas que se prevén, non son suficientes -ao noso xuízo- para aplicar no CPI As Mirandas. De todos e todas é sabido a situación de precariedade nas instalacións dende hai anos ao localizer dúas aulas de infantile en “casetas provisionais” comúnmente chamado barracóns, por falta de espazo.

Dende o BNG de Ares defendimos sempre e esiximos, a ampliación das instalacións do CPI, tando desde a propia organización con campañas, como dende a representación política no concello e no parlamento galego.

Sabedores de que inminente construction non é posible por unha cuestión de prazos -a un mes do comezo do curso- instamos ao goberno municipal como





medida urxente e provisional, a que acondicione a finca onde vai ir a ampliación e a aneccion ao recinto actual do CPI, para favorecer un espazo de lecer para os nenos e nenas do centro nos seus respectivos horarios.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

- 1. Que o Concello de Ares, realice con urxencia o proxecto e obra coa finalidade de acondicionar e aneccionar a finca indicada, para a ampliación do CPI As Mirandas ao actual recinto, polos motivos antes mencionados.**

En Ares, a 18 de agosto de 2020

Asdo.: Emilio Mesías Farías

Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que simplemente facer unha puntualización, o solo é rústico mentres non este aprobado o PXOM non se poden abrir dos camiños porque é rústico entón, non podíamos facelo aínda que se votara esta moción a favor ata a aprobación do plan non poderíamos abrir un novo camiño pola parte de arriba porque aquilo é rústico e en consecuencia efectivamente non poderíamos abrir camiños en rústico que non están trazados, si está trazado no novo plan xeral, no novo plan xeral ese camiño si que aparece entón una vez aprobado o plan si que poderíamos executar, pero mentres non este aprobado o plan non poderíamos abrir entón non poderíamos votar a favor da urxencia porque non se pode facer pero vamos explicado cada un loxicamente é libre de facer o que queira entón si a vostedes lles parece ben lle damos a palabra ao voceiro do BNG para que expoña as razóns pilas que quere que se vote a urxencia.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que presentan esta moción en alas de ter un punto de acordo, hoxe traemos por enesima vez o tema da ampliación do colexio realmente non tería moito sentido para a urxencia entón o que fixemos foi a adaptar a nosa moción inicial que levemos moitísimo anos que antes se citou pero non imos a entrar no debate para entrar nesas inaptitudes non, entón nós imos a un acordo e con isto pódese aprobar. A xustificación que acaba de manifestar agora o Alcalde ao respecto da imposibilidade de facelo non a podemos xustificar porque non é así, e non é así porque da mesma maneira que se fixo un aparcamento na casa Reitoral onde non había e onde non se fixo nada nin do que había no plan antigo nin do que vai a haber no plan novo, fíxose unha cousa totalmente nova entón xustifíqueme vostede como se pode facer unha cousa totalmente nova que non está en ningún plan e como non se pode facer unha obra que simplemente non é eliminar un camiño senón trasladar un camiño que non ía ter ningunha alegación por ningún veciño porque non sería sentido e está o camiño na aprobación do plan xeral e o única que tiña que poñer o Concello de Ares era en axuda ao tema do ensino as súas competencias, facer iso que xa tiñamos que ter feito sabemos que a ampliación depende da aprobación da Xunta de Galiza pero o Concello de Ares ten que facer o se traballo e non o fixo ata agora, si o tivese feito o





Concello de Ares xa lle podería estar recriminando a Xunta coa presión de que se vai a aprobar o PXOU no curso de este ano, supoñemos que xa a Xunta de Galicia piña os cuartos para facer a ampliación pero claro nos van a dicir que nós non o temos feito o que asignamos no convenio e o que asinamos no convenio era, que o Concello de Ares tiña que poñer a disposición da Concellería de Educación para que se faga a ampliación o terreo cos seus subministros ou sexa a estrada, o camiño sola parte de arriba e os subministracións de abastecemento, saneamento e de teléfono polo tanto, nós si traemos isto aquí e porque sabemos que se pode facer é unha obra que se pode facer, é una obra peor e non ten xustificación ningunha e que nós non nos pronunciamos por ese feito, nós podíamos ir a denunciar iso de maneira ilegal e posiblemente había motos problemas porque , porque se fixo una modificación do solo pero non o imos a facer, non entendemos que haxa o non polo non sabemos cal foi a vontade nós non estamos de acordo co aparcamento aí porque podería ser zoa verde pero non imos a denunciar ao Alcalde non a Concelleira de Urbanismo e caos técnicos e que tiren para diante a unha obra que xa está e non hai ningún plan, nos consideramos que isto se pode facer, simplemente é iso, retirar una parte de arriba da fina de arriba e abrir un camiño que anexiona a finca de arriba se nos entendemos que iso non era viable non o traeríamos porque non traeríamos a ampliación do colexio que xa está máis que debatida solo tanto a nós nos gustaría que isto fose para diante.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que os casos non teñen que ver un co outro, na casa reitoral hai efectivamente unha propiedade privada e unha cesión desa propiedade ao concello durante cincuenta anos e un destino de esa propiedade que está permitido entón non está permitido facer un apartamento de feito é rústico en Seselle e no Raso porque son rústicos, na entrada de Plácido que aí xa non se que clasificación ten fixemos un apartamento é dicir, unha cousa son usos compatibles é dicir, eu temo una propiedade que o uso compatible é plantar patacas ou facer una leira-parking é dicir é compatible o que non é compatible é facer unha casa porque é un uso residencial que non o admite pero en rústico si pode haber un aparcamento e en urbano tamén, Sar ten una parcela diante da ferraxería que é urbano e fai aparcamento, podía edificar una casa é un uso compatible entón, a leira rectora admite un uso compatible fi una leira privada cedida por cincuenta anos entón admite un uso compatible e abrir un camiño en rústico non se pode facer está expresamente prohibido, expresamente prohibido entón claro temos este problema quero dicir vemos que esperar a aprobación do plan para facer a ampliación do colexio entón pois eu non sei, son casos que non ten nada que ver

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que ten a súas dúbidas do que di, polo pouco que entendo eu creo que se pode facer pero podemos chegar a un acordo, podemos poder poñer “en canto sexa aprobado o PXOM”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que podemos poñer “en canto entre en vigor o PXOM” porque aprobado definitivamente está, está pendente de publicación no BOP en canto entre en vigor e cando se publique ao día seguinte se realice con urxencia o obxecto da obra coa finalidade de adhesionar a finca indicada, anda que adhesionada xa está, o que pasa e que tamén está adhesionada o camiño pero anexionada xa está porque xa está cedida entón seria que o “Concello de Ares una vez que entre en vigor o PXOM realice con urxencia o obxecto de obra coa finalidade de acondicionar a finca indicada para a ampliación do CPI As Mirandas polos motivos antes mencionados” e que entres o cariño este en uso, é dicir mentres non este





construído o alternativo iso pasa por aí é dicir é unha división material, mentres pasen os coches non hai unha unión formal a finca está cedida pero hai unha unión funcional non hai unha unión funcional, hai unha unión xurídica pero para que sexa funcional hai que sacar a circulación de vehículos e iso non se pode quitar ata que este o novo camiño construído que existe o plan, entón non se si aceptas esa transacción que propón o PP e nos amén aceptamos

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que quere seguir co debate antes de aceptar a transición entón eu estou molesto porque sabedes do que estamos falando, eu non estaba fallando de que na reitoral se estaba facendo un apartamento nunha zona verde, eu non estaba fallando diso.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que é suelo rústico.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que no está a falar diso, estou falando que para facer iso aí había una casa, o suelo diso no plano e Luis o sabe, había una casa que se compro pero non se cambiou o suelo e que si alguén alega iso o concello sae perdendo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que no suelo urbano podemos facer un apartamento ou unha piscina o suelo urbano non obriga a construír, non é obrigatorio construír, aí había una casa que ten unha parcela edificable pero nos non quitamos edificar, abrimos un acceso a Reitoral.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que iso non se pode facer.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en SAR entras por un lado e saes polo outro e nos non o podemos facer, faino un particular e nós nono podemos facer.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que efectivamente pois iso é o que nos dixemos de alí a parcela é do Concello a ti que te impide no teu terreo deixar pasar os coches pola parte de arriba.


Interrompe o Sr. Alcalde manifestando que imos por partes, a parcela non é do Concello está cedida a Educación.

Responde o Sr. Mesías dicindo que non, a titularidade é do Concello.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que non é do concello que púxose a disposición de educación.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que a titularidade é do concello porque senón non tería sentido o convenio, unha cousa e que o concello diga aí a tedes e outra cousa é o convenio e o convenio di, que cando a concellería recepcione a finca cos seus servizos xa sabemos que a vontade do concello é destinar esa finca para que educación faga e así ven recollido no convenio e vai a entrar en vigor pois cando entre en vigor, pero a ti que te impide na túa propiedade deixar pasar os coches iso é un camiño rústico, a finca reitoral é urbana.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que as nosas consultas técnicas nós din que non só é imposible senón que tamén é factible e mais aínda poñéndonos na situación de que está previsto de que o plan vai a entrar en vigor e máis aínda cando estamos ante unha medida extraordinaria.





Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que estamos anticipando o debate a urxencia, poderamos votar primeiro a urxencia e logo no debate de fondo si aceptas a transacción do PP, a finca da Reitoral era urbana iso efectivamente é un suelo rústico entón quizás sería bo que dixeras si aceptas ou non a transacción do PP porque ao mellor amén axuda a modular o debate, senón aceptas a transacción a nos nos é mis cómodo votar en contra da urxencia, como depende do plan e o plan non está en vigor moi urxente non é pero ben, cada un aduce as razón que lle de a gana para xustificar entón, se aceptas a transacción do PP nos aceptamos a urxencia porque mostrando ese espírito de paz nos amén a asumimos pero se non vas a aceptar a transacción e a vas a manter nos non vimos a votar a urxencia.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que pediría que se repetirse a transición.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando “que o Concello de Ares unha vez entre en vigor o PXOM realice con urxencia esa obra”.

Responde o Sr. Mesías Farías sinalando que non o poden aprobar porque iso é algo que nós levamos pedindo fai tempo, como esta é unha moción pola vía de urxencia entón pasa a urxencia iría aí sola vía ordinaria e sería aí en todo caso de buscar outra posibilidade entón en principio non a imos a aceptar.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo grupo BNG “**INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021 CPI AS MIRANDAS**” o pleno do concello por 5 votos a favor (3PP, 2NG) e 8 en contra (7 PsdG-PSOE, 1NAL) acorda rexeitar a urxencia.

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG “**MOCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO A USUARIOS E USUARIAS DE ARES.**” que a continuación se transcribe;

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte **MOCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO A USUARIOS E USUARIAS DE ARES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e utilización de contadores e instalacións análogas, establece que “*Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga, incluído os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.*”

Dende o mes de xuño a prestación do servizo de distribución de auga nalgunhas vivendas é moi deficiente, non recibindo a presión suficiente para cuestións tan básicas como o funcionamento do quentador de auga e tendo que facer a coada, ben en horas intempestivas ou en establecementos comerciais, co custe engadido que supón.

O abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (vertedura e depuración) trátanse de servizos municipais (artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local) cuxa prestación





Iles vén imposta a todos os concellos (artigo 26.1 da mesma Lei) e respecto dos cales se establece a súa reserva a favor das entidades locais (artigo 86.3 , tamén do texto legal citado), o primeiro deles é imprescindible para a vida social ou privada dos solicitantes e o segundo é de recepción obrigatoria.

Como proba evidente das deficiencias no servizo baste traer a colación as declaracións do Alcalde de Ares en diversos medidos de comunicación e redes sociais, onde reconece a situación e a relaciona co diámetro da tubaxe que trae a auga a Ares, insuficiente para atender tanta demanda nos meses de verán, ademais da situación dalgúns tramos no centro de Ares onde as liñas non aguantan a subida de presión, xa que provocarían roturas.

O pasado 29 de Xullo, en instancia presentada polo noso Grupo Municipal no rexistro deste Concello e ao respecto de problemas de abastecemento en Cervás e Ares solicitábamnos no pto. **5.- Solución urxente á problemática do abastecemento en vivendas de Ares, valorando incluso bonificacións -ou outro tipo de medidas- nas facturas, sobre dun servizo básico que non están a recibir en condicións.**

Dende aquela, non temos constancia da toma dalgunha decisión ou medida por parte do goberno municipal

A veciñanza que sofre dita situación síntese loxicamente prexudicada pola actividade do Concello e de acordo coa Constitución e as Leis, teñen dereito a ser indemnizad@s por toda lesión que padezan nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos municipais, salvo nos casos de forza maior, e que ese Concello debe responder directamente aos danos e prexuízos causados nos termos establecidos pola lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

Que concorren os seguintes requisitos:

- A efectiva realidade dun dano ou prexuízo avaliable economicamente e individualizado, en relación a unha persoa ou grupo de persoas que non teñan a obrigaón de soportalo por non existir causa algunha que o xustifique.
- Que o dano ou lesión patrimonial nos bens e dereitos sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos municipais e non se produciu por causa de forza maior. Por servizo público enténdese toda actuación, xestión ou actividade da función administrativa exercida mesmo coa omisión ou pasividade cando a Administración ten o concreto deber de comportarse dun modo determinado sen que teña relevancia o que o servizo se preste por concesionario ou por Fundación, Instituto, Organismo ou Empresa Municipal .





- Que entre o dano e o funcionamento do servizo municipal exista unha relación directa de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese influír no nexo causal ou negligencia graves imputables ao prexudicado.

POLO EXPOSTO, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares, solicita deste pleno a aprobación do seguinte acordo

1. Que non se lle facturen a taxa por subministro de auga potable á veciñanza que padece da deficiencia do servizo, dende o mes de xuño e namentres non se preste o mesmo coa calidade debida, procedendo á devolución das taxas xa cobradas.

En Ares, a 15 de agosto de 2020

Asdo. Emilio Mesías Farías

Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a última moción presentada polo grupo BNG e sobre o abastecemento habería que votar primeiro a urxencia e hai unha proposta que di que non se lle facture a taxa de auga potable a veciñanza que padece a deficiencia do servizo no mes de xullo e na mentres se preste ca calidade debida a redución das taxas acordadas. Eu xa falei co voceiro do BNG desta moción e lle dixen que é imposible saber quen padece esta deficiencia, é imposible os contadores teñen lectura de consumo dependería dunha identificación con datos obxectivos é imposible, si funciona o contador hai consumo e a taxa é en función do consumo non é o tema da taxa do lixo que se lle perdoou a quen durante tres meses non tivo aberto o negocio porque non xerou o servizo, si o bar esta pechado non lle imos a cobrar o lixo nunha época na que tivo que estar pechado pola pandemia e non houbo servizo, aquí si que houbo servizo, houbo consumo aquí e moi difícil identificar a parte que se poden adherir a isto, hai una indeterminación do suxeito é mi complicado, esta é razón que xa lle expuxen ao voceiro do BNG pola que é moi difícil levala a cabo. Despois tamén lle expuxen outra razón e que hai un pau no servizo que non ten xustificación establecementos hostaleiros que deben tres anos de auga e non pode ser, ti ca auga fas cafés e non a pagas ao concello, ti ao auga lle ganas amén hai casas a nome de empresas de S.L. que devolver os recibos, una S.L. ten un capital social de 3000€ hai S.L. que xa temen de debida máis que o capital social.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que non ten a moción.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que como vai ser deficiente si tes un bar nun baixo ou tes a piscina chea e debes catro anos, hai débedas no auga de máis de 3000€ son as razóns polas que non imos a votar a favor da urxencia da moción independentemente de que ten razón o BNG de que as o problema existe, o que non sei e como se pode acreditar quen o padece con datos obxectivos eu non estou na casa para ver si ten un consumo deficiente, tamén e certo e o asumo o problema de que algúns veciños teman que organizarse porque non poden garantir





un subministro óptimo ao longo dun mes de quince de xullo a quince de agosto porque non entra auga suficiente no pozo a tubaría e de douscentos mililitros e se consume máis auga da que entra entón ben, o problema de que os veciños teñan que organizarse e responsabilidade do concello e temos que intentar resolvelo, pero a culpa de que algún veciño non se organice e se queixe porque quere ducharse as doce todos sabemos que as doce nun primeiro non se pode duchar, porque el ten que ser o primeiro e coñecer que a esa hora non ten presión, nós somos culpables de que algúns veciños teñan que organizar os seus consumos, pero non somos culpables de que algún veciño non sexa capaz de organizarse porque eu teño ese problema na casa e veño duchado todos os días e se frega todos os días o que pasa e que algún día non podes facelo a hora que queres porque sabemos efectivamente que a esa hora non se pode porque non hai presión, e despois tamén está o debate que temos asumido que hai que resolto, por así decilo a optimización de inversión con todas as faltas que temos en Ares invertir tres millón de euros solventar un problema de trinta días hai que solventalo indudablemente e afortunadamente estamos facendo obras en todas as rúas na subida ao cementerio na Avda. Paz todo iso está solventado edificios do centro que o poden padecer pero ben, todo isto hai que solventado e temos que solventalo o problema existe e esa é a realidade non o imos a negar que o problema esta ahí e que estamos trabajando para arranxalo, cuando levamos o auga a Cervás e a Chanteiro xa se nos advertiu e canto máis repartas o auga en Ares máis problemas imos a ter porque nos lle damos o auga a non se cantos veciños máis pero a auga e a mesma e non entra máis auga para eses veciños a auga que entra pola tubaría de douscentos repartese máis e toca a menos, pero cal era a opción para que o casco urbano non tema problemas en verán non lle damos auga ao resto dos veciños sabendo que levando a auga a Cervás e a Chantero vai a mesma auga que entra porque ampliamos o suministro pero a tubería non ampliouse e a de fi trinta anos a de douscentos mililitros entón ben, o problema existe e compartimos a preocupación co BNG e hai que solventalo pero creemos que a solución non e esa por esos dous motivos que expuxen pero ben, estamos fallando da urxencia e nos xa diremos as nosas razóns e temen o resto dos grupos a posibilidade de tomar a palabra.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o seu voto vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que en resposta a intervención do Sr. Alcalde nós entendemos que xa se están tomando unas medidas para solventar o problema e que vai ser esa inversión de eses tres millóns o que pasa e que non estamos de acordo en que sexa inverter tres millón para solventar un problema de trinta días, senón que pensamos que é inverter tres millón para non ter problemas en trinta anos.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que focaliza o problema nos que padecen a deficiencia, e a deficiencia son tinta días afortunadamente peor era cando ti e eu éramos nenos secaba o río do Seixo e tiña que ir a cisterna e ir con cubos para encher de auga todos os veráns, iso si que era un problema.





Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que simplemente era puntualizar, nos estamos incluso disposto a variar o petitum quero dicir, si hai algún problema da maneira en que se poda entender o petitum, nos estamos a disposición de que haxa una proposta por parte do goberno porque a cuestión e que aí houbo una parte da poboación e aí estamos todos de acordo que sufrir un dato una lesión patrimonial ao non ter eses dereitos entón, pode o concello te algún detalle con esta xente que está sufrindo estes danos, si ou non.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a quen di que a padece como demostramos que a padece.

Intervén o Sr. Mesías Farias preguntando si pode o concello ter un detalle, si ou non, eu creo que si, como pode solventar ese problema pois iso é o que hai que estudar, de que maneira, nós xa digo estaríamos en disposición de retirar este petitum sempre e cando se lograra artellar por parte do goberno ou discutilo, algunha outra medida para ter en conta a toda esta xente, xa estamos case retirando a moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que se pode facer o mesmo que coa anterior votamos en contra da urxencia e no mesmo que coa anterior despois debatemos o fondo igual que na anterior e vemos esas posibilidades que xa che dixen que a min resultarme imposible saber con seguridade obxectiva a que lle fas ese detalle e a quen non, en que medida.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que entón como xa digo se non pasa a urxencia vai ter que vir pola vía ordinaria que irá a comisión e se discutira, para non retirala que se vote a urxencia e xa o mes que ben xa a vemos.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo grupo BNG **“MOCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO A USUARIOS E USUARIAS DE ARES”** o pleno do concello por 5 votos a favor (3PP, 2BNG) e 8 en contra (7 PSdG-PSOE, 1NAL) acorda rexeitar a urxencia.

Punto núm.8. Rogos e Pregunta

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando pola resolución 263/20 sobre un contencioso do PXOM que non sabemos si é o mesmo do que xa se falara, o que se falara xa había un contencioso presentado e non sabemos si esta resolución se refire ao mesmo contencioso ou é un novo contencioso dito doutra maneira, hai máis dun contencioso polo PXOM.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que este é o segundo.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando si se sabe si foi presentado por una empresa ou por un particular.

A outra pregunta refírese aos problemas que está tendo Cervás con internet desde hai moitos anos, pero agravada desta vez porque non se entende moi ben, os veciños de Chanteiro teñen un acceso a internet con mis capacidade que os veciños de Cervás e ademais é por cable, os cables pasan de Ares a Chanteiro e pasando por Lubre e Cervás, non sabemos moi ben de cal é a circunstancia de que a veciñanza de Cervás non se lle posibilite conectarse a banda longa, nós





o que pedimos é que o Concello tome as medidas necesarias para xestionar dalgunha maneira de que o feito de que a banda longa chegue a Cervás e que sexa da maneira que o goberno entende que ten que ser quero dicir, si hai algún programa o plan por parte da empresa ou hai que falar directamente coas empresas subministradoras pois que se faga non, nós o que pedimos e que o goberno do concello tome partida neste problema de banda longa porque logo da experiencia vivida nestes meses antes do verán, sabemos que hai xente traballando con grandes dificultades entón é iso, unha petición para que o concello se dirixa coa intención de que a veciñanza de Lubre e Cervás que non ten acceso a banda longa que poida ter acceso a banda longa, incluso facendo tamén un estudo da posibilidade que tería o concello de aproveitar a súa situación privilexiada de Montefaro para artellar calquera outra medida que non sexa privada quen o faga senón valorar tamén, que xa o están facendo noutros concellos que é quen da o subministro, ou sexa, que se valore todo isto.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que esas serían as preguntas e despois sería un rogo, non é que sexa un rogo, vai dirixida ao PP é una puntualización non tiña obxecto neutros puntos pero ben como aquí estamos en rogos e preguntas si que ten obxecto por iso le fago esta puntualización Sr. Cendán vostede referirse a una cuestión sobre a miña persoa con respecto da miña profesión esta vez ovule a dicir que toco en partitura pero tamén toco de oído e realmente comecei tocando de oído cando se crearon as escolas municipais en Ares e ademais iso posibilitara poder tocar de oído e tocar con partitura posibilitame ter as das visión e ademais outra cuestión importante como fai moita xente ademais toco varios instrumentos polo tanto toco en distintos paus.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a primeira pregunta é con respecto ao parque do Porto, a non haber policía hai moita esta e moito cachondeo a música mi alta a partir da una da mañá e eu creo que mas reunións que tedes de seguridade poderiades avisar a Garda Civil que pase por aí porque pasan polo palco pero por alí non pasan e amén que tomen medidas cas escaleiras do xulgado de paz aquilo parece un estercoleiro, hai de todo eu creo que eses dous focos habería que controlalos se non hai policía local pos avisar a Garda Civil que pase de vez en cando por aí, de paso que ven da a volta e pasan polo palco e non pasan por aí.

A segunda pregunta e con respecto a una licenza que solicitaron os veciños da Ciscada que queren colocar unas xardineiras cal é o motivo polo que non se lle da a licenza si xa levan un ano e non se lles contesta nin nada, a licenza é un dereito regado e si ten dereito ben e senón teñen dereito pois non pasa nada por contestarlle.

Con respecto ao tema dos cans sabemos que non se pediu autorización por parte da comisión pero eu non me vou a ceñir a si escaparon os cans ou non, hai algo mais lamentable que non se viu e que puido pasar, por parte da Policía Local e por parte de protección civil non se deberían de tirar os fogos mentres a xente estivese na praia porque non paso nada de casualidade, imaxínate que cae un fogo na praia e rebenta a alguén porque ten pasado, sempre se fixo ben sempre acordouse a praia para votar os fogos o tema dos cans é unha anécdota pero podía pasarlle algo a algunha persoa cáelles un fogo e vaia lío.





Con respecto ao hotel preguntar si se levantou o precinto ou si non se levantou o si presentou un escrito.

A seguinte pregunta é en relación ao aparcamento da Reitoral que xa falei co voceiro do BNG, parece ser que a empresa adxudataria da obra de rehabilitación renunciou a ela, non se podería dar en ruína e tirar todo e facelo tal e como é.

Outra pregunta é con respecto ao aparcamentos que se puxeron vemos que houbo un incremento substancial nas multas pero vemos diferenzas en dúas parroquias creo que en Chanteiro multouse a todo o mundo en cambio en Redes aparcando encima das beirarrúas que aquilo é un desorde eu pregunto si por parte da Alcaldía déuselle algunha orden de multar a un lado e non multar a outro.

Con respecto ao tema mensual de facturas hai unha factura de Radio Voz que é mensual, nós queremos saber cal é o motivo deste pago de douscentos euros case todos os meses e que servizo da.

En canto as resolucións 304/20, 289/20 e 268/20, imos a empezar pola 268/20 que é sobre as retribucións dos concelleiros este caso a do Alcalde e a de Luis Cendán, chámame a atención porque parece que este concello hai tres alcaldes porque as cantidades son iguais debería de haber algunha diferenza, nesta resolución entenderse que hai tres alcaldes.

Con respecto a 304/20 tratase dunha subvención concedida a Manuel Lomba Cambados socorrista do Concello de Ares, non perdón non é a 304/20 é a 305/20 é sobre una denuncia que fixo unha persoa por unha caseta de socorrismo, como está ese expediente sancionador.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas formuladas polo Sr. Mesías Farías manifesta que en canto aos contenciosos polo PXOM hai dous, dimos instrucións para que se persoe a avogada do concello e a partir de aí verá as demandas e sabremos cal é o obxecto de eses contenciosos que realmente non son polo PXOM son pola resolución da Xunta da aprobación definitiva o concello non é o demandado o demandado é a Xunta que é que dictou a resolución de aprobación definitiva.

En canto a banda longa en Chanteiro e non en Cervás nós non somos operadores xa bastante sorte temos con que non denunciemos os nosos puntos wifi gratuítos porque un concello onde os seus puntos gratuítos foron denunciados polas operadoras como competencia desleal os tiveron que pechar entón, a que obedece isto, a Unión Europea dedica fondos, subvencións para a extensión da rede para o ámbito rural, os operadores privados presentan os seus proxectos e en función dos seus proxectos reciben subvencións, eu quero chegar a ese edificio e pode haber setenta vivendas e setenta altas e non vou facer dous kilometros ata a túa casa porque só vaste a dar de alta ti entón efectivamente no rural por esta escasa rendibilidade e pola inversión, porque hai que facer unha inversión e logo rentabilizala en cambio a inversión nun edificio de setenta é factible entón, eles presentan os plans de actuación subvencionables no ámbito rural e efectivamente no seu plan de actuación vai Chanteiro e non meteron Cervás, en plan de actuación deixan Cervás para o ano que ven é dicir, eles van programando os ámbitos de actuación subvencionable e subvencionable todo o ámbito rural pero eles presentan os plans de actuación, imaxino que haber un tope máximo de subvención e van levando a ampliación ao rural de acordo coa extensión da operadora. O operador que fai a inversión ten que cometo con patacas porque logo ten que ofrecela ao resto de operadores a cambio dun peaxe é dicir una vez que o operador fixo una inversión por exemplo en Chanteiro





pode ser Movistar e logo eu podo darlle de alta en Ono entón, efectivamente o concello non somos operadores e isto seguramente que responde ao DOG das subvencións da extensión da rede ao mundo rural de onde a pandemia puxo de manifesto por desgraza unha brecha moi importante sobre todo nos nenos, como dicía Simón non é o mesmo un neno nunca urbanización con piscina e internet a un que ten que estar compartindo habitación con dos irmáns e que aínda encima non teñen cartos para pagarse internet.

No parque do Porto "As Mirandas" xa lle diremos transmitiremos a Garda Civil que se pase por alí e efectivamente a Policía Local pois pasa pero ten os seus horarios, as escaleiras do vulgado de paz pois igual que as da casa da xuventude se poñen alí e comen pipas pero se limpa, son itinerantes vanse dun sitio ata que atopan outro entón efectivamente o tema é intentar conservar a limpeza que vaian se non molestan a ninguén e logo se limpan mellor que esten localizados e nun sitio visible e que están facendo cafradas que non teñen que facer meténdose en espazos públicos.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que é un tema que lle preocupa porque andan con lume xa intentaron queimalas, as portas son de madeira e como aprenda no verniz pode traer un desgusto.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que se pasen por aí tamén, nos o que temos detectado é limpeza.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai de todo, pero que busquen outro sitio porque ese é un edificio de madeira.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo sobre a solicitude de licenza do edificio a Ciscada que quere instalar xardineiras, manifestando que descoñezo o estado da tramitación non os informes pero ben, é algo que pode afectar a beirarrúa si pechas a circulación dos cidadáns con xardineiras por onde van os peóns, si eu temo un bailo e o quero destinar a comercio que saltan as xardineiras os clientes pero claro, iso de pedir permiso para poder xardineiras pode parecer moi inocuo pero non o é, si a xente non pode ir pola beirarrúa por de onde vai, si a xente te un bailo comercial e hoxe non pero mañá o abre que salta as xardineiras para entrar no bar entón iso terá que ser decidido en función dos informes pero non deixa de ser un expediente complexo, as xardineiras non son inocuas, buscan facer privativo o uso ducha beirarrúa entón unha vez instaladas os baixos comerciais como fan para que entren os clientes, e unha vez instaladas os veciños de Ares por onde transitan, non é inocuo entón é un lio que imos a ter e que xa anticipo que imos que ter que pensar moito esa solución porque esa solución é complexa porque é darlle carácter privativo a unhas beirarrúas a xente da Avda de Mugardos e do Xuncal pasa por esas beirarrúas si as pechamos con xardineiras por de onde pasan, e si o do baixo abre un negocio os seus clientes saltan as xardineiras entón isto irá a unha comisión de obras e invítovos a que me dean unha solución porque acabo de enterarme ágora e vexo que é a leite, invítovos a que nunca comisión de urbanismo cando vaia esta licenza ver o que supón o peche do uso privativo da beirarrúa para os veciños de Ares vailles a facer unha graza, e aos do dos baixos vailles a facer unha graza ao do baixo o comen polos votos e vea pechamos con xardineiras e o que invertín eu no baixo comercial, como entra a xente e que valor pasa a ter o baixo comercial, imaxínate que ti es o propietario tes un bailo comercial e pechan o acceso con xardineiras entón anticipo o lío porque o vexo vir.

En canto os fogos de San Roque, toda a razón do mundo cando se queira votar fotos pechase a praia de cans, debeuse pechar a praia de cans como a pechamos para a regata pero que lle





imos a facer gaña o Madrid e votan fogos, gaña o Barca e votan fogos, pois en San Roque as festas están suprimidas e o seu patrón, non caímos en pechar a praia de cans pero efectivamente debería de estar pechada e resolvía o problema, sen debida algunha hai que facer compatible os distintos intereses e por suposto que o Sr. Gelucho merece os fogos e moito mais e este verán foi como foi e si eu son o propietario do can e estou na praia e vexo os fogos alí que non estaban escondidos, estaban alí dende as doce da mañá e eu collo ao me can e voume non era obrigatorio estar alí mentres votan os fogos, non era obrigatorio, os fogos víanse entón eu creo que efectivamente todos teñen que ceder, todos temen que ceder, os fogos estaban alí e quen pregunto se lle dixo a hora que se votaban entón mellor pechar a praia de fans e acabouse.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que foi un despiste, podía ir a Policía Local un momento e pechaba a praia

En canto ao hotel requiríuselle documentación, achegouna e está en urbanismo para emitir os respectivos informes pero que estivo todos estes anos dicíndolle nós, porque o comentamos aquí varias veces, ti mesmo nunha comisión dixeches que era defecto do animal, ágora non pode pretender que nunha semana teñamos todo listo Benito ou Alfonso son os que asignan o informe e necesitan tempo para miralo a regularización un hotel non é una tenda de chucharías entón, el presento o proxecto e ágora se esta mirando e se están corrixindo deficiencias, ágora é moi inxusto que quen estivo cinco anos ágora queira que en dous días se lle arranxe o desaguisado é mi inxusto pero ben, efectivamente esta para precintar e ten que haber un informe favorable e esta pendente.

A casa Reitoral está protexida por patrimonio dende sempre aínda que o plan non este en vigor é un ben patrimonial é unha casa dos século XVII e está protexida por ela mesma que nós non a catalogamos no plan que si que está e o plan non entrou en vigor pero é unha casa do século XVII cun patio xudío e digo patio xudía porque efectivamente os patíns están vinculados a idade media e casas loxicamente de xudíos, esta casa é do século XVII é un modelo de construción que se vincula a vivendas habitadas por xudíos igual que no xulgado, na Casa Reitoral e visto efectivamente non se pode derribar, hai que rehabilitado e conservar eses elementos, os elementos son as fachadas e as escaleiras, logo o interior e o tellado ponse cuns parámetros acordes coa construción pero temos que salvar o paramento.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que os técnicos saberán.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que temos que intentar conservalo e máis caro e que lle imos a facer.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non sei si se poderá.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que a empresa que renunciou non renunciou porque era imposible, renunciou porque quería mais cartos, a empresa sabía os cartos que había presentouse, gañou e ágora dis que non, quen che obrigou a puxar por ese prezo, si crees que por eses cartos non se pode facer que fas puxando que fas dicindo que a fas por eses cartos, se che concede porque dixeches que a facías por eses cartos e ágora dis que non, nos estas tomando o pelo, pois pasa a seguinte.

En Chanteiro e en Redes hai situacións totalmente diferentes, en Chanteiro habilitamos aparcamento suficiente e senón é suficiente o COVID o fixo suficiente porque para manter o





aforo da praia non se pode aparcarse máis, en Redes non hai onde aparcarse, o aparcamento que hai é deficitario e non chega nin para os de alí e a única posibilidade que tivemos foi habilitar o aparcamento da Casa Reitoral que está lonxe a igrexa nolo cedeu pero está un pouco lonxe a opción sería habilitalo para non residentes pero para residentes é como si aquí habilitas un aparcamento no cementerio entón o principio de igualdade que establece a Constitución di que hai que tratar igual aos iguais e desiguais aos que non son iguais e en Redes non hai aparcamento, esa é unha realidade impenable e está aí e fixemos un aparcamento onde o fixemos e quen nos vendeu os terreos sabían que era para aparcamento, os terreos non foron expropiados, foron vendidos e fixemos un PXOM con ampliación dese aparcamento e o sabían todos os veciños e o sabían fai catro anos porque o souberon dende sempre porque ninguén escondedeu que quixeramos ampliar ese aparcamento.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non se refire a iso.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que mentres non teñamos solución temos que asumir a realidade, entón en Redes aparcase como se aparcou toda a vida.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que se refire a diferenza dunha parroquia e de outra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a diferenza ata certo punto entendese, vexo que hai unha gran diferenza, en Chanteiro fixemos un aparcamento e o fixemos para ir a praia, non é o mesmo un aparcamento para ir a praia que un aparcamento para ir a túa casa a comer e máis imprescindible o aparcamento para ir a praia e máis importante o de ir a túa casa a durmir, vivir, traballar, pois iso non o dimos conseguido en Redes aínda queremos ampliálo, pero en Redes estamos falando dun aparcamento de xente que vive alí, en Chanteiro si esta ocupado non podes ir a praia en Redes si está ocupado non podes ir a comer é unha situación moi dura que temos que debater, en Redes sacar os coches da rúa implica ampliar o aparcamento pero tamén surxe unha cesión do club de tenis que para a solución do apartamento de Redes é viable é cuestión de cartos, xa temos un aparcamento e no plan temos a súa ampliación e aínda encima o tenis nos cede tamén para aparcamento e a ingresa tamén, con eses metros nos vemos que organizar que vai para este e quen vai para este outro, pero ben en Redes é a situación que hai e bastantes limitacións metemos, quitamos aparcamentos de Sabadell e non habilitamos o que pensamos, pensamos habilitar o apartamento da Casa Reitoral e o dixemos, para quen para os de alí e lonxe e para os de fora é efecto chamada e ao final limpamos a finca pero non o puxemos operativo.

A factura de Radio Voz como ti tiñas un convenio ca televisión de Ferrol de seis mil euros ao ano para difundir noticias de interese municipal, nos o trasladamos non o temos coa televisión de Ferrol nin de seis mil euros o temos ca Voz de Galicia e por dos mil, por un terzo do que destinabas ti cos mesmos fins.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non tiña convenio.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o veu por seis mil euros ao ano.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que pagaba un tema puntual que era a Semana Santa e as Alfombras, despois me dixo de asinar un convenio pero entraches ti e o convenio quedou sen asinar.





Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o asinou por dous mil euros con Radio Voz entón todo o que ten que ver con Ares, temos uns faldóns, cuñas e unha difusión radiofónica e pagamos dous mil ao ano ou un pouco máis e forma parte de ese ámbito de comunicación.

O Sr. José Manuel Cendán Fernández pide a palabra para responder ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que antes de acusar a ninguén sempre intento documentarme e o defecto que tes non só ti persoalmente senón todo o BNG é acusar sen saber si é verdade ou non, e ti me estabas a acusar a min de que nós pechamos dúas escolas cando non era certo porque eu loitei por eles o que non loitou ninguén entón, antes de acusar a ninguén documéntate, pregúntame a min e eu vouche a contar a verdade pero non me acuses do que non fixen porque foi todo o contrario, eu loitei e non se mantivo porque os pais non quixeron.

Continúa o Sr. Alcalde facendo referencia a resolución 305/20, hai unha caseta pegada a un muro e a propietaria do muro di si esa caseta ten licenza e non ten licenza entón, son chalés pareados pero os muros son de quen son, os muros son divisorios e un veciño pegou a caseta ao muro do chalé e a propietaria non protesta pero quere pintar e lle pide ao veciño que desmonte a caseta e lle di que non a pode desmontar porque a fixo fixa, si a puxeches fixa necesitas licenza se pegaches a caseta con cemento necesitas licenza, entón non me veas dicindo que puxeches una caseta que cando necesite a quitas e ágora resulta que non a podes quitar porque a fixaches, porque para finala necesitas licenza e o me permiso porque o muro e meu, pero paréceme inxusto que una persoa non poda pintar a súa fachada polo elemento aínda encima que che deixan cando necesitas pintar hai problemas e aí está este lío e a xente en vez de ir a xuízo ben a concello a que o arranxe, e o técnico podería dicir iso é un problema entre veciños.

Intervén a Sr. Marcos García sinalando que a competencia do concello e en canto a licenza.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que si tivera licenza ou non a necesitara pero como é fixa necesita licenza.

A outra resolución a 289/20 esa é a factura de dos prazas de garaxe que é do concello e implica unha cota de propiedade e hai que pagar un gastos de esa cota de propiedade, esas prazas de garaxe representan unha cota moi pequena cuns gastos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando se non se pode domiciliar na conta do concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non vale a pena, son doce euros.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando que coches se tardan aí.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o meu e como son dúas prazas a veces entra un da nave pero como é moi difícil de saír porque é una rampla moi complicada o golpearon varias veces e aínda encima hai coches aparcados en fronte é mi difícil entrar e saír e efectivamente non o usan case nunca a veces meten o rover azul que é meu entón efectivamente a veces o meten e outras veces non, eu non dispoño cando o meten ou cando non, son propiedades municipais e esa é a realidade todos podemos entender que é unha propiedade municipal e que eu son o Alcalde e o coche está cedido pero e meu entón non se lle quita o uso a ninguén, que queira





meter algún coche do concello pode métele sen ningún problema, por comodidade durme fóra mil veces, mil veces porque eu o vexo que está chovendo e o coche está fora, amén o poden meter aquí abaixo pero aquí tamén a entrada é moi mala, aparcas neste concello con esta entrada é moi complicado.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que é practica, eu metía o meu coche.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que o coche da Policía Local está cheo de golpes por todos os lados.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que ten rozado o coche no de casa que é moito máis ancho, eu aparquei aí e nunca rocei o coche, eu metino aí sempre.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que se pode valorar vender esas prazas de aparcamento, é patrimonio municipal.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si fai falta si, pero o parque móbil vai crescendo.

En canto a resolución 268/20 o dos tres alcaldes aquí non hai tres alcaldes, aquí hai un alcalde que cobra como un concelleiro entendes, hai un alcalde que cobra como os concelleiros porque eu teño a responsabilidade como alcalde e si pasa algo o que vai a carcere son eu con toda a probabilidade e cobro igual que os concelleiros que eu teño o me soldo da universidade e o que cobro do concello sexa moito ou pouco é a maiores, eu teño o soldo da universidade empobrecer no empobrecemento porque gano máis do que ganaría na universidade sendo alcalde entón non é o problema, estiven catro anos con dedicación exclusiva e o única que tiña eran desgustos, desgustos na miña casa por perder vinte e catro mil euros ao ano e desgustos no concello porque gastaba cartos entón acabouse, contentos todos cobro as comisións e as xuntas de goberno como o resto dos concelleiros que tamén están representados e teñen dereito, a composición e as retribucións son as que aprobaches ti para ser alcalde e os membros das comisións os votamos aquí por unanimidade, repartimos tantos o PP, PSOE e tantos NAL entón efectivamente como os membros do goberno a vocear do PSOE como o voceiro do NAL están nos mesmos plenos e nas mesmas xunta de voceiros que ti e están nas mesmas comisións informativas que lle tocan de acordo co reparto que fixemos e nas xuntas de goberno que é onde esta o goberno entón eu que vou a dicir que teñen que cobrar menos, aínda moito peor, que vou a dicir que teño que cobrar máis porque son o Alcalde efectivamente non hai solución, máis do que puxemos aquí cincuenta mil veces falando, falando porque reunións tivemos e non hai unanimidade, nese tema non hai unanimidade o BNG mantén unha postura con certas reticencias e vosoutros manifestastes que si que votabades a favor e que os valía, pero se non hai unanimidade.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifesta que o dixo dende o primeiro día, en corenta e oito horas estaba e levamos así un montón de tempo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que non hai unanimidade que facemos nos un aumento de soldo e o outro o disfruta e vende por aí que votou en contra.

Responde o Sr. Xosé Manuel Cendán Fernández dicindo que ninguén vaise a enriquecer.





Continúa o Sr. Alcalde sinalando que efectivamente eles participan nas mesmas comisións que eu porque están e gañan o mesmo que eu, cal é a diferenza, que eu como Alcalde vou as reunións de fora, eles tamén van a algunha si algo de urbanismo pois ven Luis e si hai algo de Cultura vai Alma pero cando hai que ir a Augas de Galicia vou eu e presento a dieta, corenta e sete euros esa é a diferenza que pode haber entre o meu soldo e o deles porque por comisións estamos no mesmo, e o mesmo, o único que diferenza o meu soldo ao deles son os desprazamentos, é así, é a realidade que me toca vivir e non me queixo, non me queixo en absoluto é o que hai e levo así once anos, trece anos, menos catro que tiveron dedicación exclusiva, a que tiñas ti Manuel eran dous mil douscentos euros netos, cando eu na universidade gaño bastante máis.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que cobraba netos dous mil cen euros.

Intervén novamente o Sr. Alcalde manifestando que el dous mil douscentos netos, e a miña muller lle facía unha graza pasmosa ver a diferenza de soldo que tiña pero tomei a decisión porque sentía mal viaxando e a veces a saúde é o primeiro pero perdendo cartos todos os anos, non pode ser que eu como Alcalde teña un soldo inferior ao meu traballo, non pode ser que a min ser Alcalde me custe cartos, non pode ser, a min agora non me costa porque eu non perdo nin un euro do meu traballo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dúas horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

